



CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

**Nº Expediente:** 2024/CONTRAT/000106

**ASUNTO:** Aprobación do expediente para a contratación, por medio de procedemento aberto, do contrato mixto denominado “CONTRATO MIXTO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR SITO NA CASA DO POBO DE MONTROVE E DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS”

## **DECRETO**

O Concello de Oleiros conta con varios edificios denominados “Casas do Pobo”, situados nas diferentes parroquias que conforman a súa xeografía. Estes edificios utilízanse como centros culturais e de lecer, nos que a veciñanza pode levar a cabo diversas actividades. Estes edificios contan cuns locais acondicionados para prestar o servizo de bar – cafetería.

É obxecto do contrato a concesión de servizo do café bar sito na Casa do Pobo de Montrove (Oleiros), situado na Avda. Rosalía de Castro, 56 - 15179 Montrove, Liáns - Oleiros (A Coruña). O devandito inmovible conta coa cualificación de ben afecto a servizo público no Inventario de bens do Concello de Oleiros. A concesión conlevará o uso e explotación do café-bar e a obriga de limpeza da totalidade do inmovible.

Con esta contratación búscase a dinamización económica, cultural e social da parroquia de Liáns e arredores, tendo en conta que as Casas do Pobo do Concello de Oleiros constitúen centros nos que os veciños desenvolven actividades lúdicas e culturais, utilizándoas como puntos de encontro da veciñanza e sendo elemento que xera cohesión social.

Á vista das características e do importe deste contrato, a Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación emite Providencia o día 10 de setembro do 2024, instando á incoación do procedemento para a contratación do contrato mixto de concesión de servizos e de servizos denominado “CONTRATO MIXTO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR SITO NA CASA DO POBO DE MONTROVE E DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS”, e propoñendo que se tramite por procedemento aberto utilizando para a selección do contratista unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo.

Elabórese, xa que logo, o prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares para a súa contratación mediante o procedemento citado. Este prego adáptase ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP).

O orzamento da presente licitación, para un prazo de duración de tres anos, é de 6.545,64 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (1.374,58 €), o que supón un importe de 7.920,22 € IVE engadido.

O prazo de execución do referido contrato é de tres (3) anos, coa posibilidade dunha única prórroga de un (1) ano de duración, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas e administrativas do contrato.





CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

O día 12 de setembro do 2024, a Secretaría Municipal emite informe xurídico no que, entre outras disposicións relativas ao procedemento administrativo, informa favorablemente por unha banda o Prego de Prescricións Técnicas e Cláusulas Administrativas Particulares ao cumprir estes cos requirimentos establecidos pola lexislación vixente e, pola outra, a tramitación do expediente mediante procedemento aberto ordinario.

Con data 13 de setembro do 2024, emítese informe de fiscalización favorable por parte da Intervención Municipal

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Alcaldía segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente para a contratación do contrato mixto de concesión de servizos e de servizos denominado “CONTRATO MIXTO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR SITO NA CASA DO POBO DE MONTROVE E DE SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS”, polo importe, para un prazo de duración de tres anos, de 6.545,64 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (1.374,58 €), o que supón un importe de 7.920,22 € IVE engadido.

**SEGUNDO.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Técnicas e Administrativas que figuran no expediente e que rexerán o contrato.

**TERCEIRO.-** Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de vinte e seis días naturais, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación.

**CUARTO.-** Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

**QUINTO.-** Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

- a)- Con carácter potestativo poderá vostede interpor un **recurso de reposición** diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de **un (01) mes**, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.
- b)- Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un **recurso contencioso administrativo** diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña, no prazo de **dous (02) meses**, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co disposto no





CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo de un (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de **seis (06) meses**, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP; de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

*En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o/a Secretario/a accidental, que dá fe.*

*(Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).*

